

EXPERIMENTA III

Datas: 21, 22 e 23 de xullo de 2022

Lugar: Exteriores do Museo Provincial, Xardíns do Pazo de San Marcos e Lugar de Reque no río Rato (Lugo).

Artistas: The Partisan Seed, L-R e Za!

Entrada de balde, respectando o aforo.

O **Ciclo Experimenta** naceu o pasado 2019, como un proxecto que xurde da incesante busca de dar outras vidas a agochados espazos da nosa cidade, e transformar o seu uso para outros destinos culturais e sociais para os que foron inicialmente deseñados, distintas artes coa música en directo como motor de movemento.

Con estes mimbres confecciónase o Ciclo Experimenta que **Tele-Clube** organiza, un ano máis, coa colaboración da **Deputación de Lugo**.

Con esta terceira edición (despois da parada técnica obrigada pola pandemia) podemos presumir de consagrar un ciclo experimental no que as músicas e os lugares van da man para darnos unha volta pola cidade, e pola mente, menos coñecida; percorrendo a través de sons, aos que non estamos habituadas a escoitar desta forma, ubicacións da nosa vila polos que pasamos de camiño a outros espazos. Deteñamos esta voráxine vital que nos maltrata e paremos unha hora, hora e media, para afondar nas sensacións e emocións que se desatan coas músicas e lugares que redescobriremos xuntas neste paseo.

Na programación do Experimenta está a pretensión de seren buceadoras etnográficas e a procura de rescatar o vello da nosa cultura, coa incorporación do novo, tamén importado - ¿por que non?-, nunha comunión harmoniosa de riqueza, beleza e diversidade cultural, como somos as veciñas desta cidade.

Por terceiro ano apostaremos pola conxugación do amor polas linguas (repite presenza o portugués e este ano incorporamos o asturiano), a poesía e a mixtura da música folclórica e máis tradicional con propostas innovadoras e routuristas, como eixos nos que se fundamenta esta nova andaina do Experimenta, que se desenvolverá en tres escenarios distintos: os exteriores do Museo Provincial, os Xardíns da Deputación, e o Lugar de Reque no río Rato... impulsando o movemento que provoca cambios na percepción do espectador, actor principal do espectáculo, coa propia dinámica da combinación de tres espazos distintos, nalgúns dos máis representativos enclaves da nosa cidade, paseando do casco histórico ao río, do urbán ao rural, da pedra á auga, do tradicional ao novo.

XOVES 21 DE XULLO – 20:30h. Exteriores do Museo Provincial

THE PARTISAN SEED: (Portugal)

Filipe Miranda é compositor, músico, produtor e artista visual barcelense.

Comezou a súa carreira en solitario no 2005 baixo a denominación The Partisan Seed para enfatizar a mensaxe das letras na súa escrita persoal e libre. Os seus discos descubren un autorretrato profundo do compositor mediante un fluxo de cancións sinceras e introspectivas. The Partisan Seed caracterízase polo seu estilo delicado de guitarra acústica, a súa conmovedora interpretación vocal e as improvisacións, como trance chamánico, en directo. Está considerado en Portugal como un dos compositores de cancións mais destacados da súa xeración.

Poderemos experimentar o seu directo, o **xoves 21 de xullo ás 20:30h**, inaugurando o Experimenta III, nos exteriores do Museo Provincial, no que escoitaremos algunha das súas primeiras composicións e, a bo seguro, tamén cancións do seu último traballo “*Old Songs For a New Sun*”, un disco grabado en plena pandemia e publicado o pasado 2021, confeccionado con cancións escritas ao longo dos anos e que ven a luz neste álbum.



VENRES 22 DE XULLO – 20:30h. Xardíns do Pazo de San Marcos.

L-R: (Asturies)

Ultimamente soan desde Asturias proxectos sorprendentes que rescatan a música tradicional e o pop, pero o que imos desfrutar o **venres 22 de xullo, ás 20:30h**, nos xardíns do Pazo de San Marcos, vai ser outra volta de noz. L-R, ou Leticia Baselgas e Rubén Bada, conforman unha das propostas máis orixinais da música asturiana dos últimos anos.

No ano 2016, Leticia e Rubén poñen en marcha esta viaxe no espazo e no tempo para reelaborar a música do país mantendo os ritmos tradicionais para o baile e engadindo sons como blues, jazz ou rock. Voz, pandeireta e guitarra eléctrica dan forma ao que eles etiquetan como post-folk asturianu. No 2018 publicaron o seu primeiro traballo discográfico, acompañado pola que posiblemente fora o xira máis longa dun grupo folk en tempos recentes, así que moito ollo ao seu directo, que promete unha auténtica descarga rítmica para menear ben os noso corpos con danzas tradicionais e máis heterodoxas. O pasado ano, lanzaron *N.O.S.*, o seu último disco, unha obra moi coidada e completa coa que afondan no seu particular son.



SÁBADO 23 DE XUÑO – 13h

Za!: (Catalunya)

Para quen puido desfrutar na pasada edición do Experimenta do vibrante concerto de Los Sara Fontán, Edi Pou será xa un vello coñecido, pois este ano repite na nosa sesión matinal, coa súa outra metade musicalmente máis famosa e á que Tele-Clube levaba un tempo perseguindo: Za!

O dúo barcelonés, composto por Edi Pou á batería e outras cacharradas e Pau Rodríguez á guitarra, trompeta e outras tantas cacharradas, desatará os seus ritmos tribales, electrónicos e telúricos na despedida por todo o alto da terceira edición do Experimenta, o **sábado 23 de xullo ás 13h** do mediodía, na contorna máis rural que estreamos este ano: o Lugar de Reque, no río Rato.

A música dos cataláns combina *sabrosura* e *noise*, polirritmos balineses e polimetrías africanas, *hardcore* e *free jazz*, física cuántica e debuxo libre, dadaísmo e drons.

Za! son fundadores do colectivo de improvisación “El Caballo Ganador” e teñen colaborado en pezas de danza e teatro. Contan tamén co seu propio pequeno selo discográfico, Gandula. O dúo tamén imparte obradoiros de improvisación a músicos profesionais, amadores e crianzas.

Za! fuxen dos grandes festivais, gústalles achegarse a espazos máis intimistas nos que poder desfrutar facendo desfrutar, a pesares de ser referentes do *underground* europeo e ter subido a escearios de todo o mundo.

Benvidas á fin de festa máis salvaxe, e ollo que río molla.

